

EXAME TIPO TEST BOLSA LIMPEZA 2020 - CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

1. En que rúa atoparémola biblioteca municipal?
 - a) Rúa Unión
 - b) Rúa Castelao
 - c) Rúa Gasset

2. Cantos membros conforman o Pleno do Concello da Pobra do Caramiñal?
 - a) 15
 - b) 13
 - c) 12

3. Cantas escolas unitarias, en funcionamento, existen na actualidade no Concello da Pobra?
 - a) 2
 - b) 3
 - c) 4

4. En que rúa se atopan as instalacións do “coworking” (traballo colaborativo) do Concello da Pobra do Caramiñal?
 - a) Albariño
 - b) Ribeiro
 - c) Condado

5. Dun produto co pH 10 diremos que é do tipo...
 - a) Alcalino
 - b) Neutro
 - c) Ácido

6. En que orde realizaría-las seguintes tarefas?
 - a) Fregar, varrer e limpa-lo po
 - b) Limpa-lo po, fregar e varrer
 - c) Varrer, limpa-lo po e fregar

7. A limpeza do cuarto de baño debe comezar...
 - a) Polo WC
 - b) Polo chan
 - c) Polo teito

8. As augas vertidas a un sistema de desaugadoiro ou sumidoiros (cloacas) despois do seu uso doméstico o industrial denomínanse...
 - a) Augas pluviais
 - b) Augas residuais
 - c) Lama

9. Que se utiliza para lustra-lo chan?
 - a) A aspiradora
 - b) Un pano
 - c) O pulidor

10. Que é un produto biodegradábel?
 - a) Un produto composto de substancias que se descompoñen
 - b) Un produto que cheira ben
 - c) Un produto especial para limpar aseos

EXAME TIPO TEST BOLSA LIMPEZA 2020 - CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

11. En que parroquia atopámo-la escola unitaria da Granxa?
 - a) Santo Isidro de Posmarcos
 - b) Santa María do Xobre
 - c) Santa Cruz de Lesón

12. Os riscos mais comúns do traballo de limpeza son...
 - a) Sobreesforzo
 - b) Inhalación de produtos químicos
 - c) As dúas son correctas.

13. Se utilizamos lixivia ou amoníaco que equipos de protección individual deberíamos usar?
 - a) Debemos poñer un gorro de protección.
 - b) Debemos usar luvas e lentes para previr salpicaduras.
 - c) Debemos poñer un mandil de plástico e luvas.

14. Para limpar cristais que perderon o brillo utilizaríamos...
 - a) Alcohol de queimar
 - b) Auga e ácido clorhídrico (castelán "sulfumán")
 - c) Lixivia

15. Que depositarías no colector amarelo?
 - a) Un envase de cristal
 - b) Un envase tetrabrik
 - c) Restos dun bocadillo

16. O último que farías na limpeza dos aseos sería...
 - a) Limpa-los azulexos
 - b) Limpa-lo chan
 - c) Baleira-las papeleiras

17. As manchas que deixa o cal nas instalacións sanitarias (baño) límpanse con...?
 - a) Auga
 - b) Un ambientador
 - c) Vinagre

18. Que nome recibe a casa da cultura?
 - a) Raquel Fernández Soler
 - b) Pilar Maestú Sierra
 - c) Salustiano Rey Eiras

19. O número de habitantes do noso municipio en que tramo está comprendido?
 - a) 5000-9000
 - b) 9001-12000
 - c) 12001-15000

20. Que terías en conta á hora de limpar un equipamento informático?
 - a) Que estea apagado
 - b) Utilizar produtos antiestáticos
 - c) As dúas opcións son correctas.

21. Ante unha intoxicación por inhalación de gases que farías?
- a) Investiga-la natureza do produto tóxico
 - b) Facerlle o boca a boca
 - c) Facerlle unha masaxe cardíaca
22. A limpeza da madeira vernizada farase...
- a) Cunha lixa
 - b) Con lixivia
 - c) Cun pano e un produto antiestático
23. Para limpar unha parede pintada con pintura plástica como o faremos?
- a) Limparémo-lo po e despois pasaremos un pano con auga e xabón.
 - b) Limparémo-lo po e despois pasaremos un pano con disolvente.
 - c) Limparémo-lo po e despois pasaremos un pano con acetona.
24. A auga oxixenada inactívase (perde o seu poder para limpar)...
- a) Coa luz
 - b) Co contacto co aire
 - c) Co contacto coa materia orgánica
 - d) Todas son correctas.
25. Con que produto non fregarías unha mesa de formica?
- a) Deterxente neutro
 - b) Augaforte
 - c) Un ácido

PREGUNTAS DE RESERVA

26. Para mante-lo cepillo de varrer nunhas perfectas condicións convén...
- a) Lavallo con auga con lixivia
 - b) Lavallo periodicamente en auga quente xabonosa e deixalo secar cos pelos cara a arriba
 - c) Lavallo con auga con amoníaco e deixalo secar cos pelos cara a abaixo
27. Con que outro nome é coñecido o hipoclorito sódico?
- a) Amoníaco
 - b) Lixivia
 - c) Iodo
28. Empréganse produtos químicos perigosos para a saúde na limpeza?
- a) Si, sempre que se manipulen adecuadamente.
 - b) Non, en limpeza só se utilizarán produtos deterxentes.
 - c) Ás veces, e pódense mesturar entre si.
29. As substancias que desprenden gases ou vapores débense manipular...
- a) Só utilizando luvas e lentes de protección
 - b) Sempre coa ventilación adecuada ou con máscaras
 - c) Este tipo de produtos non se utilizan na limpeza de edificios públicos.

30. A desinfección...
- a) Reduce o número de xermes.
 - b) Pode evitar contaxios.
 - c) Todas son correctas.